

## **RESUMO DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA QUE TIVO LUGAR O DÍA 5 DE MAIO DE 2006**

O día 5 de maio de 2006, ás 10.00 horas en segunda convocatoria e despois de se reuniren previamente os membros da Mesa do Claustro, para analizar o escrito de suxestións ao Regulamento do valedor universitario, comeza a sesión ordinaria do Claustro da Universidade da Coruña no Paraninfo da Reitoría, presidida polo Excmo. e Magnífico Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa orde do día que figura no **ANEXO I**.

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, QUE TIVO LUGAR O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2006**

O Sr. Reitor informa que procede aprobar a acta da sesión ordinaria do Claustro que tivo lugar o día 13 de decembro de 2005, cuxa copia foi depositada nos centros da Universidade da Coruña coa debida antelación para a súa consulta por parte dos membros do Claustro.

A acta **apróbbase** por asentimento.

### **2.- APROBACION, SE PROCEDER, DO REGULAMENTO DO VALEDOR UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

O Sr. Reitor toma a palabra para dar conta do proceso que se seguiu para a elaboración do regulamento do valedor universitario que se somete á aprobación nesta sesión do claustro da nosa universidade. Sempre de conformidade co artigo 104.1.a) dos Estatutos da Universidade da Coruña, relativo ás funcións do valedor universitario e, máis en concreto, a de “propoñerlle ao claustro para a súa aprobación o seu regulamento de funcionamento”, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Yzquierdo Perrín, valedor universitario.

Toma a palabra o valedor universitario que centra esencialmente a súa intervención en tres cuestións. En primeiro lugar, no proceso de elaboración do regulamento que se somete á consideración dos membros do claustro, onde sinala que se trata dun proceso de longa duración, en que a Mesa do Claustro tivo un papel importante e en que o regulamento en cuestión non foi elaborado atropeladamente. En segundo lugar, no propio regulamento, que ten como finalidade reforzar a figura do valedor universitario no marco específico da Universidade da Coruña. E en terceiro lugar, no importante labor que desenvolve o valedor universitario para que as universidades poidan cumprir cos seus cometidos.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor, que dá conta das suxestións formuladas en tempo e forma ao Regulamento do valedor universitario e dos acordos de aceptación e transacción adoptados sobre elas, dá a palabra ao Sr. Delgado Martín, que intervéen en nome dos membros do Claustro que presentaron as suxestións ao regulamento en cuestión. O Sr. Delgado Martín, despois de pór de releve que o valedor universitario é un elemento fundamental das institucións universitarias e que as suxestións formalizadas teñen como finalidade básica precisamente a de reforzaren a súa figura, céntrase en dúas concretas cuestións do regulamento, sempre coa finalidade de que se reflexione sobre elas de cara a

eliminar certas incoherencias en futuras modificacións que poidan realizarse na citada normativa. Estas cuestións aluden, por unha parte, á limitación de mandato que ten o valedor universitario, que non se rexistra nos Estatutos da Universidade da Coruña para outras figuras; por outra, faise referencia aos criterios de presentación da memoria anual do valedor universitario, que son diferentes dos existentes para a presentación da Memoria de xestión do reitor, pois no caso concreto do valedor universitario a memoria anual é por curso académico, mentres que no do reitor é por ano natural.

Logo de concluír a súa intervención, toma a palabra o Sr. Reitor. Despois de aludir ás cuestións que formulou o Sr. Delgado Martín, somete á aprobación dos membros do Claustro o Regulamento do valedor universitario.

O Regulamento do valedor universitario, que figura no **ANEXO II, apróbase por asentimento** de todos os membros do Claustro.

### **3.- MEMORIA DE XESTION 2005. INFORME DO REITOR PARA O CLAUSTRO**

En cumprimento do artigo 36.1.m) dos Estatutos da nosa Universidade, segundo o que corresponde ao reitor “presentarlle ao claustro unha memoria anual da súa xestión”, o Sr. Reitor presenta a memoria de xestión correspondente ao ano 2005, que foi entregada por escrito e que figura na páxina WEB da UDC (Reitoría ⇔ Reitor ⇔ Documentos), e pronuncia o discurso que se recolle no **ANEXO III**.

Logo de se abrir a quenda de intervencións, toma a palabra o Sr. Rodríguez Bugarín. Comeza a súa intervención dando os parabéns ao redactor da Memoria de xestión do ano 2005, por entender que está moi ben editada non só do punto de vista formal, que é algo que facilita a súa lectura, senón tamén do punto de vista material, pois as referencias cruzadas de datos que contén permiten obter unha información transversal e evitar, deste xeito, que as vicerreitorías se presenten formalmente como caixas estancas. Ao se centrar xa na análise da información que ofrece a citada memoria, xulga que, aínda que contén moitos datos e moitos números, realmente se acha de menos unha reflexión crítica que, a partir de tales datos e números, permita tirar conclusións acerca da situación real da Universidade da Coruña. Concretamente, ofrécese un conxunto de números que, como no caso concreto dos Indicadores da Biblioteca Universitaria 2005, pode resultar extraordinariamente prolixo e carente de utilidade, se temos en conta, ademais, que a descrición destes indicadores non se fai acompañar de datos sobre as mesmas materias noutras universidades galegas e non galegas, mais de análogas características á Universidade da Coruña, que permitan establecer estudos comparativos. Igualmente, o Sr. Rodríguez Bugarín quere incidir nunha serie de datos realmente rechamantes da memoria, por tratárense de cuestións sobre as que lle gustaría saber a opinión do reitor, de cara a que, sempre no caso de seren considerados como datos negativos, se adopten as medidas que se estimaren máis axeitadas para paliaren as súas consecuencias. Trátase, en concreto, da duración media dos estudos, que nalgúns titulacións chega a ser de sete (Arquitectura Técnica) e oito anos (Camiños e Arquitectura); do número de teses de doutoramento, a que alude con certos erros o cadro 8 da páxina 44 da memoria, que no ano 2005 foi de 68; da Facultade Virtual, á que aluden os cadros 13, 14 e 15 da páxina 48,

que, sendo unha ferramenta de traballo utilísima e con moito futuro, resulta moi pouco empregada; da avaliación dos alumnos, cuxa consulta pon de manifesto a pouca participación dos estudantes, que algo que contrasta cos propias avaliacións que se fan dende algúns centros como o de Camiños; da Investigación, porque o número de convenios asinados pola Universidade da Coruña (48) contrasta co número de convenios asinados por entidades como a Fundación da Universidade da Coruña (102), a Fundación Empresa-Universidade Galega (23) e, en especial, a Fundación de Enxeñaría Civil (71), e tamén porque, sempre en materia de investigación, se acha de menos información da evolución da captación de recursos de I+D desde o ano 1992 e o cumprimento dos compromisos que sobre o tema contraera o Sr. Reitor no seu programa electoral (e moi sinaladamente, no relativo á propiedade intelectual e industrial, como semella acreditar o número de patentes solicitadas, que é de 10, e o número de patentes concedidas, que é de 8); do profesorado, en todo o que alude á capacidade docente da Universidade da Coruña para encarar os retos do novo modelo europeo de educación superior e aos medios para fomentar a mobilidade do profesorado; do estudantado, concretamente en materia de transportes, cuxa melloría ten a súa causa no labor realizado pola Compañía de Tranvías da Cidade da Coruña, en que segue a se rexistrar a ausencia de campañas universitarias a través das que se conciencie os membros da comunidade universitaria dos beneficios que se derivan do transporte colectivo, e tamén no que atinxe ao número de alumnos matriculados en primeira convocatoria de certas titulacións, que nalgúns casos presenta unha clara traxectoria descendente, sen que aparentemente se adoptasen medidas para inverter esta tendencia; de infraestruturas e medio ambiente, dado que a nosa universidade segue carecendo de carril-bici, de medidas específicas de reutilización e reciclaxe que axuden a reducir a contaminación ambiental e de accesos peonís aos Campus de Elviña e da Zapateira; da rede de comunicacións da universidade, concretamente dos recursos que proporciona a ferramenta do vídeo-dixital, que non se está a aproveitar como noutras universidades, en especial a de Vigo, para dar a coñecer ao exterior todas as potencialidades da Universidade da Coruña; e finalmente, da propia imaxe da nosa universidade na sociedade, que debe mellorarse en moitos dos aspectos relacionados coas declaracións que fai o Sr. Reitor nas súas comparecencias perante os medios de comunicación.

Logo de concluír a intervención do Sr. Rodríguez Bugarín, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Cardenal Carro, que comeza a súa intervención manifestando estar de acordo co afirmado polo Sr. Rodríguez Bugarín a propósito de que a memoria de xestión presentada é unha suma de datos e de números que carece de reflexións críticas. Sobre a base de considerar que a información que se ofrece a través desta memoria de xestión 2005 non é totalmente inédita, se temos en conta que moitos dos datos que se inclúen nela xa se deran a coñecer a través de distintas fontes en anos anteriores. O Sr. Cardenal Carro centra a súa intervención no Plano de financiamento das universidades de Galicia (2005-2010), que considera moi positivo, para solicitar información acerca dos criterios empregados para a distribución das partidas económicas entre as tres universidades galegas, mais tamén para saber, no caso concreto da Universidade da Coruña, o destino concreto dos citados fondos económicos de nivelación.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Perez Roel, que aproveita a súa quenda de intervención para presentar públicamente o relatorio de preguntas. Segundo afirma o Sr. Pérez Roel, trátase de preguntas xa formuladas no seu momento a través de distintos medios ao Sr. Reitor e das

que non se obtivo ningún tipo de resposta, unha razón pola que solicita que neste ou no seguinte Claustro se lles dea contestación.

Despois de finalizar a lectura do relatorio de cuestións por parte do Sr. Pérez Roel, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Delgado Martín. Comeza a súa intervención felicitando ao redactor da Memoria de xestión do ano 2005, para se centrar a continuación nun apartado moi específico dela, que é o relativo ao Plano estratéxico, concretamente na elaboración da Análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (tamén chamado DAFO). Dado que se trata dun medio que permite coñecer as debilidades e as fortalezas da nosa universidade, o Sr. Delgado Martín entende que é un documento escaso e que presenta certas eivas, na medida en que, entre outras cousas, non contén o soporte de información empregado no seu momento para elaborar as conclusións ás que se chegaron, que poden estar construídas sobre a base de percepcións e non en realidades. Afirmo que agora, cos datos que contén a Memoria de xestión do ano 2005, que necesariamente debe completarse e ampliarse coas observacións que se están a formular nesta sesión do claustro, pode elaborarse un plano estratéxico mellor que o actual, que semella estar estancado e sen obxectivos claros, precisamente por estar construído sobre percepcións, razón pola que é posíbel non coincidir necesariamente cos obxectivos estratéxicos que poida marcarse a actual equipa de goberno desta universidade.

Despois de concluír a súa intervención, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Cao Abad, que toma a palabra para dar os parabéns publicamente ao Sr. Reitor pola Memoria de xestión 2005, aquí presentada, mais non só por cuestións formais de edición, senón tamén pola enorme cantidade de datos que nela se conteñen, pois entende que é a primeira vez que se pode obter información da nosa universidade con esta magnitude e tan fiable. Precisamente por esta razón, tamén sostén que o importante son os datos, na medida en que estes permiten logo facer as interpretacións que se estimaren axeitadas, e sempre sobre a base de que os membros da comunidade universitaria teñen criterios para realizaren tales interpretacións. A pesar de que poidan rexistrarse algunhas dificultades para comparar os datos, o certo é que estas dificultades, sempre segundo o Sr. Cao Abad, non son exclusivas na propia Universidade da Coruña, en tanto que as mesmas tamén se localizan noutros lugares precisamente porque moitos de sistemas de información que actualmente existen son deficientes, que é o que está a pasar no proceso de elaboración do Plano galego de estatística da Xunta de Galicia a propósito dos datos relativos ao Espazo Europeo de Ensino Superior. O Sr. Cao Abad remata a súa intervención declarando que o obxecto dela é o de suxerir cambios que poden axudar a enriquecer a Memoria de xestión do ano 2005, tales como corrixir o número de mestrados oficiais interuniversitarios en que participa a nosa Universidade ao que alude o cadro 17 da citada memoria, que é de cinco e non de catro, e reflectir o número total de alumnos matriculados en programas de doutoramento interuniversitarios e con mención de calidade.

O Sr. Reitor, despois de rematar a intervención do Sr. Cao Abad, dá a palabra ao Sr. Soraluze Blond, que declara intervir tan só para salienta un aspecto moi concreto da Memoria de xestión 2005 que considera que chama moito a atención. Trátase do capítulo dos investimentos reais que fai a Universidade da Coruña e, concretamente, do campo das infraestruturas, en que xa se producira un recorte dun 30% nos orzamentos do ano 2005 respecto do exercicio económico anterior, na medida en que da cantidade orzamentada de 2.306.700 euros para obras e reformas, que é pequena comparada co volume de edificios que

ten a nosa universidade, só se gastaron 920.851,98 euros, deixando de se empregar para tales fins 1.385.869 euros. Afirma o Sr. Soraluze Blond que debe coñecerse cal é a razón pola que se deixou de gastar esta cantidade, tendo en conta que algunhas das iniciativas e dos proxectos previstos nesta concreta materia na memoria do ano 2004 xa non aparecen nesta memoria de xestión do ano 2005, e se temos en conta, en fin, que hai moitos lugares da nosa universidade necesitados de intervencións urxentes.

Despois de rematar a quenda de intervencións dos membros do Claustro, toma a palabra o Sr. Reitor, que comeza a súa intervención agradecendo ás persoas que o precederon no uso da palabra que recoñecesen o esforzo que implicou a elaboración e a presentación desta memoria de xestión, se se ten en conta ademais a dificultade que houbo para localizar algúns datos históricos. Afirma que é importante ter datos, que é o que ofrece a citada memoria de xestión para se efectuaren despois as valoracións positivas e negativas que se estimaren oportunas, a pesar de que nela poidan conterse lamentablemente algunhas grallas. Comparte as observacións formuladas polos membros do Claustro a propósito da ausencia de datos comparativos, que ten a súa causa nas dificultades existentes para a súa recollida e que, se temos en conta que tamén se rexistran nas outras universidades galegas, pretenden superarse por medio de acordos específicos con esas outras universidades, como é o caso do asinado coa Universidade de Santiago de Compostela para a creación dun consorcio que permita a posta en común de moitos datos, especialmente os relativos á xestión académica e en que se quere incluír tamén a Universidade de Vigo.

Despois de informar sobre os criterios empregados para a distribución das partidas económicas entre as tres universidades galegas do Plano de financiamento das universidades de Galicia (2005-2010) e sobre o destino concreto dos citados fondos económicos de nivelación na Universidade da Coruña, o Sr. Reitor entende, en materia de transportes colectivos, que a melloría no transporte ten a súa causa, en efecto, do labor que realizou a Compañía de Tranvías da Cidade da Coruña, mais tamén do papel dinamizador que a Universidade da Coruña xogou ao respecto, que propiciaron reunións e acordos coa Compañía de Tranvías para que se levasen a cabo tales melloras. Aproveita este asunto o Sr. Reitor para tratar tamén do tema dos accesos aos campus universitarios de Elviña e da Zapateira, onde indica que xa está iniciado o procedemento que permitirá garantir o acceso peonil e a través do carril-bici aos citados campus universitarios, en que se ten moi en conta as súas peculiaridades, que non son outras que as derivadas do feito de se trataren de campus establecidos en núcleos rurais próximos con núcleos urbanos absorbentes que demandan actuacións en conxunto de moi diversas administracións, mesmo para facilitar o acceso por outros medios mediante o establecemento dun apeadoiro. Obviamente, tamén sinala o Sr. Reitor, este procedemento implica a realización de obras de moi diversa natureza, que se achan moi condicionadas por un problema moi específico que ten a nosa universidade, que é o da falta de terreo dispoñible para medrar, un feito que ademais dificulta as posibilidades de novas construcións aínda que se están a adoptar as medidas que xa permiten a creación dun parque tecnolóxico e de residencias para a nosa comunidade universitaria. En calquera caso, continúa sinalando o Sr. Reitor, trátase de algo sobre o que a propia Memoria de xestión 2005 repara, de igual maneira que o fai noutros temas, mais sempre sobre a base da información que se dispoñía no momento da súa elaboración, que, por exemplo, no caso concreto do Espazo Europeo de Ensino Superior non era moi clarificadora por causa da ausencia de pautas de orientación claras e definidas. Loxicamente, teranse en conta todas as observacións

formuladas polos membros do Claustro a esta memoria de xestión 2005, se temos en conta que todas elas axudan a completar aínda máis toda a información que se contén nela, que é unha ferramenta básica para que a nosa universidade cumpra con calidade os seus fins. Esta é a razón, sostén o Sr. Reitor, pola que nela tamén se inclúe un apartado específico para a Análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO), que non esgota aquí todo o seu extenso contido, cuxa aplicación debe axustarse ao cronograma establecido no seu proceso aberto e participativo de elaboración.

Antes de concluír a súa intervención, o Sr. Reitor, que agradece de novo todas as observacións e críticas construtivas que aquí formalizaron os membros do Claustro por constituíren a mellor vía para mellorar a Memoria de xestión do ano 2005, non quere deixar de facer mención ao relatorio de preguntas formuladas publicamente neste sesión do Claustro, indicando que, por prudencia, non vai poder responder a todas agora, aínda que, a propósito dalgunhas delas, desexa puntualizar que as renuncias nas institucións deben ser vistas como algo normal e frecuente, de modo que as presentadas no Consello Social da nosa Universidade non deberían ser consideradas como situacións inéditas, de igual xeito que non semella moi oportuno falar de cesamentos naqueles casos en que realmente só existen relevos nos cargos entre persoas, que tamén deberían verse con toda normalidade.

Despois de rematar a súa intervención, o Sr. Reitor abre outra quenda de intervencións para que participen de novo os membros do Claustro que así o manifestaren.

O Sr. Reitor dá a palabra a Sra. Rodríguez Amoroso, que intervéen en nome da asociación de estudantes IESGA tan só para agradecer a clareza con que se expoñen os datos que se conteñen na Memoria de xestión do ano 2005, que entende que é mellor que a de outros anos.

Logo de rematar a intervención da Sra. Rodríguez Amoroso, o Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Sr. Gabriel Fernández, que toma a palabra indicando que coincide co Sr. Cao Abad acerca de que o importante son os datos que se ofrecen na Memoria de xestión do ano 2005, na medida en que estes permiten logo facer as interpretacións que se estimen axeitadas, e sempre sobre a base de que os membros da comunidade universitaria teñen criterios para realizaren tales interpretacións. Igualmente, sinala que os datos en cuestión permiten ver o percorrido realizado pola Universidade da Coruña, que é unha universidade a que lle queda moito por percorrer nun tempos que se aventuran difíciles e competitivos, mais, neste momento, cunha equipa de goberno nova que ten entusiasmo por traballar e que vai facendo e proponendo moitas cousas, aínda que evidentemente teña que mellorar outras moi específicas, como pode ser o servizo de obras que a Universidade da Coruña debe potenciar máis, precisamente porque ten proxectos de futuro e de longo alcance. En definitiva, remata a súa intervención salientando positivamente o traballo realizado por algúns servizos específicos da nosa universidade, en especial o do Servizo de Normalización Lingüística, cuxo labor xa se percibe con intensidade.

O Sr. Reitor dá palabra a continuación ao Sr. Rodríguez Bugarín, que desexa intervir tan só para matizar parte da súa intervención anterior. Deste xeito, manifesta que é moi positiva a presentación da Memoria de xestión do ano 2005 e que as súas observacións, que pretenderon ser construtivas en tanto que a súa única finalidade era mellorar a citada memoria,

estaban orientadas a saber, sobre a base de que obviamente se poden facer valoracións distintas, cal era a concreta valoración que facía o Sr. Reitor dos datos contidos naquela, se temos en conta que a súa valoración é moi importante de cara a coñecer as medidas que pensara adoptar para mellorar a nosa universidade, porque a Universidade da Coruña é moi boa e fai moitas cousas boas. Esta é a razón pola que, entre outras cousas, debería darse a coñecer a nivel nacional e internacional todo o que realizan os nosos centros de investigación, que non son moi coñecidos nalgúns casos, e tamén pola que deberían adoptarse medidas específicas para modernizar e para adaptar sen problemas a Universidade da Coruña ao novo modelo do Espazo Europeo de Ensino Superior.

Rematada a súa intervención, o Sr. Reitor dá a palabra á Sra. López Fernández., que sostén que o Informe do reitor ao Claustro e a Memoria de xestión do ano 2005, que operan como causa determinante da convocatoria deste Claustro, teñen como finalidade ofrecer información, a través de moi diversos e numerosos datos, á comunidade universitaria das cousas que se fixeron ao longo dun ano, correspondendo ao Claustro a súa valoración, precisamente como acredita o feito de que sexa convocado para tal fin. Coida que hai un alto nivel de cumprimento do programa co que se presentou á elección para reitor, e que se rexistraron uns avances moi significativos e importantes en moitas cuestións, especialmente en materia de investigación. Remata a súa intervención salientando o enorme esforzo normativo que se fixo no ano 2005 para regular moi diversas cuestións universitarias que non eran obxecto de regulación específica polos Estatutos da Universidade da Coruña.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Fernández Fontao, que centra a súa intervención no equipamento das aulasnet do Campus de Ferrol a que alude a páxina 113 da Memoria de xestión do ano 2005, na medida en que talvez os criterios para estudar os datos deberían estar en relación tamén co número de persoas; suxire que na seguinte memoria de xestión se teña en conta se é posible.

Logo de rematar a quenda de palabra do Sr. Fernández Fontao, o Sr. Reitor conclúe este punto da orde do día e indica que todas as observacións e suxestións aquí formuladas serán atendidas non só nesta Memoria de xestión do ano 2005, senón tamén na elaboración da seguinte, tendo en conta lxicamente que os datos poderán ser diferentes.

#### **4.- QUENDA ABERTA DE INTERVENCIONES**

O Sr. Reitor abre a quenda de intervencións. Intervén a Sr. García Mira para falar sobre temas da Memoria de xestión do ano 2005 que están en relación directa cos intereses das traballadoras e dos traballadores da Universidade da Coruña; céntrase concretamente no diálogo social que mantiveron durante o ano 2005, que tivo moi bos froitos, como se pode comprobar en distintos apartados da citada memoria. Precisamente por isto, ademais de felicitar á equipa reitoral por ter apostado polo diálogo social, considera moi oportuno que se siga nesta mesma liña e que, se for posible, se inclúa un apartado específico sobre acción social nas próximas memorias de xestión, de cara a que a comunidade universitaria teña coñecemento dela.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.40 horas do día 5 de maio de 2006.

